

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CSIMP02	Estilismo e dirección de peiteado	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1064	Dermotricoloxía	2023/2024	4	160	192
MP1064_12	Anatomía, fisioloxía e patoloxías básicas do coiro cabeludo e os anexos cutáneos	2023/2024	4	60	72
MP1064_22	Análise dermaticolóxica	2023/2024	4	100	120

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MELCA FEIJÓO COVELO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coas empresas:

- Peluquería Princess
- Peluquería Alda
- Peluquería E. Belón
- Peluquería Beradel
- Peluquería Tamara
- Peluquería P&P
- Peluquería Artelis
- Peluquería 2000
- Tempus Imagen
- Peluquería Artoris
- Peluquería Córtes
- Peluquería Bolboreta
- Peluquería Mónica
- Manuel Estilistas
- Ramos Estilistas

nos que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

As persoas que obteñan o título de técnico superior en Estilismo e Dirección de Peiteado poderán exercer a súa actividade na dirección de procesos de peiteado en empresas dedicadas ao sector e en producións audiovisuais e escénicas, onde desenvolven tarefas individuais e en grupo nas áreas funcionais de deseño e innovación, organización e prestación de servizos, comercialización, loxística, calidade, prevención de riscos e xestión ambiental. Actúan por conta propia, cun alto grao de autonomía, asumindo labores de xestión e dirección, ou por conta allea, integrándose nun equipo de traballo con persoas de nivel de cualificación igual, inferior ou superior. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Director/ora técnico/a artístico/a en empresas de peiteado e en producións audiovisuais, escénicas e de moda.
- Especialista en análise e tratamentos capilares.
- Estilista.
- Especialista en próteses capilares e postizaría.
- Conselleiro/a avaliador/ora de empresas de peiteado.
- Experto/a en cuidados capilares en clientela con necesidades especiais.
- Traballador/ora cualificado/a en clínicas capilares e centros de medicina e cirurxía estética.
- Técnico/a comercial.
- Asesor/ora de imaxe.
- Formador/ora técnico/a en peiteado.
- Asesor/ora de venda e demostrador/ora de produtos e aparellos de peiteado.
- Asesor/ora de prensa especializada en imaxe persoal e peiteado

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	4	4
2	Anatomía e fisioloxía da pel e as súas alteracións	Coñecerase a pel sobre a que asenta o pelo e as súas alteracións	36	12
3	Estrutura dos anexos cutáneos e as súas alteracións	Coñecerase os anexos cutáneos e as súas alteracións	32	14
4	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	74	30
5	Medios e equipamentos para o análise capilar	Recoñecerase os medios e equipamentos para o análise capilar e o seu fundamento científico	12	10
6	Deseño de protocolos de tratamentos capilares estéticos	coñecerase os modelos de protocolos que se poden elaborar en función da análise anterior	10	10
7	Protocolos de tratamentos capilares estéticos	Coñecerase os modelos de protocolos que se poden elaborar en función da análise	12	10
8	Elaboración da proposta personalizada de tratamento, interpretando a análise previa	Elaborarase a proposta de tratamento	12	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	4

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza o coiro cabeludo, analizando a súa estrutura e as súas alteracións.	NO
RA2 - Caracteriza os anexos cutáneos córneos, analizando a súa estrutura e as súas alteracións.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Relacionáronse os tipos de coiro cabeludo coa súa emulsión epicutánea, a idade, a raza ou o sexo.
CA1.13 Identificáronse as circunstancias e o estado do coiro cabeludo en que non estean indicados ou contraindicados os tratamentos capilares.
CA2.6 Diferenciáronse as alteracións estruturais e cromáticas do cabelo.

4.1.e) Contidos

Contidos
Coiro cabeludo: estrutura, características e tipos en función da emulsión epicutánea.
Alteracións cromáticas do cabelo de tratamento en dermaticoloxía: tipos e características. Canicie, heterocromías, coloracións e descoloracións, Outros tipos de cambios de cor de orixe profesional e cosmética.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Anatomía e fisioloxía da pel e as súas alteracións	36

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza o coiro cabeludo, analizando a súa estrutura e as súas alteracións.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase a estrutura anatómica e fisiolóxica do órgano cutáneo e os seus anexos.
CA1.2 Describiuse a fisioloxía do órgano cutáneo.
CA1.3 Determináronse as funcións do órgano cutáneo.
CA1.4 Caracterizáronse os anexos glandulares.
CA1.5 Descríbense as características da emulsión e da flora epicutánea.
CA1.6 Recoñeceuse a importancia da permeabilidade cutánea.
CA1.7 Identifícase a vascularización e a inervación do coiro cabeludo.
CA1.8 Relaciónáronse os tipos de coiro cabeludo coa súa emulsión epicutánea, a idade, a raza ou o sexo.
CA1.9 Caracterizáronse as lesións elementais da pel.
CA1.10 Clasificáronse as alteracións do coiro cabeludo.
CA1.11 Determináronse as reaccións adversas da pel aos cosméticos e aos materiais utilizados en peiteado.
CA1.12 Determináronse os efectos das radiacións solares no coiro cabeludo.
CA1.13 Identifícanse as circunstancias e o estado do coiro cabeludo en que non estean indicados ou contraindicados os tratamentos capilares.

4.2.e) Contidos

Contidos
Estrutura macroscópica e microscópica da pel: características e propiedades (protección, inmunidade e termorregulación, sensorial, etc.).
Lesións elementais da pel (mácula, erupción, erosión, vesícula, nódulo, pústulas, quistes, placas, eritema e anxiomas, etc.): forma, tipos e características.
Reaccións adversas da pel (dermatite irritativa, alerxias, etc.).
Alteracións vasculares cutáneas do coiro cabeludo (eritemas, hematomas, etc.).
Alteracións da hidratación, a sudación, a lipidización, a pigmentación e a queratinización cutánea con repercusión en peiteado (descamación, pitiriase, seborrea, hiperhidrose, etc.): definición, clasificación, extensión e características.
Nevos e tumores malignos da pel. Fototipos cutáneos.

Contidos

Alteracións pigmentarias do coiro cabeludo de orixe conxénita ou adquirida (efélides, vitilix, albinismo, etc.): tipos e características:

Outras alteracións (por influencia climática ou profesional, pel sensible, pel postraumática, pseudofoliculite, etc.).

Fisioloxía do órgano cutáneo: queratóxese. Melanoxése.

Anexos cutáneos glandulares: tipos e descrición; distribución e secrecións.

Emulsión epicutánea

Flora cutánea.

Vascularización e inervación.

Permeabilidade cutánea.

Coiro cabeludo: estrutura, características e tipos en función da emulsión epicutánea.

Estados evolutivos do coiro cabeludo: variacións relacionadas coas razas e os sexos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Estrutura dos anexos cutáneos e as súas alteracións	32

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os anexos cutáneos córneos, analizando a súa estrutura e as súas alteracións.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os anexos cutáneos córneos.
CA2.2 Diferenciáronse os tipos, as propiedades físicas e a composición química do pelo.
CA2.3 Determináronse as características do pelo da barba e do bigote, e as súas alteracións específicas.
CA2.4 Establecéronse as fases do ciclo vital do cabelo.
CA2.5 Relacionáronse as alteracións na cantidade do sistema piloso coa súa etioloxía.
CA2.6 Diferenciáronse as alteracións estruturais e cromáticas do cabelo.
CA2.7 Relacionáronse as modificacións estruturais do cabelo cos procesos (peiteados, aplicación de extensións, etc.) e cos traballos técnicos (cambios de forma permanente, de cor, etc.).
CA2.8 Identifícanse as partes das uñas, as súas propiedades físicas e a súa composición química.
CA2.9 Recoñécéronse as alteracións ungueais e periungueais.
CA2.10 Determináronse as alteracións parasitarias e micolóxicas, e a súa repercusión nos tratamentos.
CA2.11 Relacionáronse as alteracións postraumáticas cos seus tratamentos en dermaticoloxía.

4.3.e) Contidos

Contidos
Anexos cutáneos córneos (pelo e uñas): tipos, descrición e características; propiedades físicas e composición química.
Outras alteracións: alteracións postraumáticas (cicatrices, queloides, alopecias cicatriciais, alopecias totais e/ou definitivas, etc.): descrición, características e solucións no ámbito da dermaticoloxía.
Barba e bigote: características con repercusión en dermaticoloxía.
Ciclo vital do cabelo: descrición das fases. Asincronismo piloso. Porcentaxes asociadas a cada fase. Repercusión das desviacións observadas.
Alteracións da cantidade do sistema piloso e a súa repercusión: hipertricose e hirsutismo, tricotilomanía, alopecias conxénitas, traumáticas, por efluvios, areata, androxénica no varón e na muller, etc.
Alteracións estruturais: tipos e características. Alteracións de tratamento en dermaticoloxía: tricorrixe nodosa, tricoptilose, triconodose e triclasia. Outras patoloxías.
Alteracións ou modificacións na estrutura do cabelo asociadas a cambios de forma temporal e permanente, e outros traballos técnicos como cambios de cor, aplicación de extensións, etc.
Alteracións cromáticas do cabelo de tratamento en dermaticoloxía: tipos e características. Canicie, heterocromías, coloracións e descoloracións, Outros tipos de cambios de cor de orixe profesional e cosmética.
Alteracións ungueais da lámina, a estrutura, a curvatura, a consistencia ou o grosor. Alteracións na consistencia, a adherencia ou nos tecidos periungueais. Outras patoloxías ungueais: leuconiquia, sucus transversais de Beau, onicorrixe, oniquia punteada,



Contidos

Alteracións parasitarias e micolóxicas con influencia nos anexos cutáneos: tipos e características. Pediculoses. Tiñas: precaucións. Desvío a diferentes profesionais

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Formación en empresa.	74

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona os medios e os equipamentos para a análise capilar, e describe o seu fundamento científico.	NO
RA2 - Aplica o protocolo de análise capilar, establecendo a secuencia das fases de actuación e utilizando técnicas tricolóxicas.	NO
RA4 - Elabora a proposta personalizada de tratamento, interpretando a análise previa.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Especificáronse as pautas de hixiene, desinfección, mantemento e calidade para o uso dos equipamentos de diagnóstico dermaticolóxico.
CA1.6 Responsabilizouse da aplicación de normas de seguridade asociadas ao uso de medios e equipamentos.
CA2.10 Realizouse a análise capilar.
CA2.11 Relacionáronse os resultados das análises capilares cos parámetros de normalidade do ciclo piloso.
CA2.12 Realizáronse técnicas de diagnóstico complementario do coiro cabeludo e do talo capilar.
CA2.13 Elaborouse o informe final, onde se xustificuen os datos da análise realizada para elaborar a proposta de tratamento.
CA4.1 Establecéronse as pautas para a elaboración da proposta de tratamento.
CA4.2 Presentouse o informe da análise e o tratamento proposto.
CA4.3 Elaboráronse documentos de información complementarios ao diagnóstico.
CA4.4 Estableceuse un protocolo de tratamento capilar personalizado segundo o diagnóstico.
CA4.5 Proporcionouse información do servizo e das sensacións que se vaian percibir.
CA4.6 Asesorouse sobre as pautas de vida saudable e a inxestión de nutricosméticos como complemento ao tratamento dermaticolóxico.
CA4.7 Especificáronse os parámetros do plan de calidade.
CA4.8 Descríbense os contidos que inclúe un manual de procedementos.
CA4.9 Identificáronse as pautas de atención á clientela.
CA4.12 Determináronse recomendacións cosméticas e/ou de servizos alternativos.

4.4.e) Contidos

Contidos
Innovacións en aparellos de análise da pel e dos seus anexos.

Contidos

Normativa asociada aos aparellos de diagnóstico.

Obtención de imaxes de referencia.

Entrevista: obxectivos, organización e contido. Métodos de exploración e observación directos e indirectos. Zonas de exploración. Medidas de seguridade e hixiene. Medios e materiais empregados na análise capilar.

Tricograma.

Técnicas de análise capilar para o diagnóstico: observación visual, amplificación, táctil, de biometroloxía cutánea, etc. Informe do diagnóstico: información dos resultados; proposta de tratamento tras o diagnóstico.

Proposta de tratamento: elaboración de documentos de información á clientela. Forma de realizar a presentación da proposta.

Outros servizos asociados ao tratamento.

Técnicas externas alternativas de tratamento: cirurxía, microenxertos, enxertos, etc.

Elaboración de documentos de asesoramento á clientela e tratamento domiciliario.

Protocolos personalizados segundo o diagnóstico previo e a súa adaptación.

Información e asesoramento sobre o tratamento dermaticolóxico.

Protocolo de calidade: Elaboración do plan de calidade. Aplicación dos criterios en todas as fases do proceso. Manuais de procedementos. Técnicas de corrección das desviacións. Atención á clientela. Enquisas de satisfacción. Tratamento de queixas, suxesti

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Medios e equipamentos para o análise capilar	12

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona os medios e os equipamentos para a análise capilar, e describe o seu fundamento científico.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os medios e os equipamentos empregados na análise dermaticolóxica.
CA1.2 Estableceuse o seu fundamento científico.
CA1.3 Xustificouse a elección de medios e equipamentos en función da técnica de análise.
CA1.4 Establecéronse as pautas e as normas de utilización dos medios e dos equipamentos de análise.
CA1.5 Especificáronse as pautas de hixiene, desinfección, mantemento e calidade para o uso dos equipamentos de diagnóstico dermaticolóxico.
CA1.6 Responsabilizouse da aplicación de normas de seguridade asociadas ao uso de medios e equipamentos.

4.5.e) Contidos

Contidos
Medios e equipamentos empregados na análise da pel e dos seus anexos. Clasificación: Medios ópticos: descrición, características, normas de utilización, indicacións, precaucións e criterios de selección. Tipos: lupa, microscopio, microcámara, microvisor, Cálculos asociados a aparellos. Establecemento de valores de referencia. Interpretación dos resultados.
Pautas de hixiene, desinfección e mantemento da aparellos de uso no diagnóstico capilar.
Innovacións en aparellos de análise da pel e dos seus anexos.
Normativa asociada aos aparellos de diagnóstico.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Deseño de protocolos de tratamentos capilares estéticos	10

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica o protocolo de análise capilar, establecendo a secuencia das fases de actuación e utilizando técnicas tricolóxicas.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Deseñouse o protocolo de análise capilar.
CA2.2 Establecéronse os medios para valorar as necesidades ou as expectativas da clientela.
CA2.3 Caracterizáronse os tipos de documentación utilizada e xerada, asociada a un protocolo de diagnóstico.
CA2.4 Deseñouse un modelo de historial e ficha técnica, artística e comercial da clientela, determinando os datos que cumpra consignar.
CA2.5 Redactáronse os modelos de información ou remisión a diferentes profesionais.
CA2.6 Establecéronse as partes dun consentimento informado
CA2.7 Recoñeceuse a normativa legal do sector.
CA2.8 Identificáronse as normas deontolóxicas da profesión.
CA2.9 Diferenciáronse os métodos de exploración e observación dermaticolóxicos.
CA2.10 Realizouse a análise capilar.
CA2.11 Relacionáronse os resultados das análises capilares cos parámetros de normalidade do ciclo piloso.
CA2.12 Realizáronse técnicas de diagnóstico complementario do coiro cabeludo e do talo capilar.
CA2.13 Elaborouse o informe final, onde se xustificuen os datos da análise realizada para elaborar a proposta de tratamento.

4.6.e) Contidos

Contidos
Protocolo: definición e fases para a súa elaboración. Secuencia e temporalización.
Documentación xerada e utilizada: Historial, e ficha técnica, artística e comercial da clientela. Protocolos personalizados. Consentimento informado. Información técnica de equipamentos, aparellos e cosméticos utilizados. Informes asociados ao diagnóstico
Normativa legal do sector.
Normas deontolóxicas
Análise capilar: fundamento, características e metodoloxía.
Obtención de imaxes de referencia.



Contidos

Entrevista: obxectivos, organización e contido. Métodos de exploración e observación directos e indirectos. Zonas de exploración. Medidas de seguridade e hixiene. Medios e materiais empregados na análise capilar.

Tricograma.

Técnicas de análise capilar para o diagnóstico: observación visual, amplificación, táctil, de biometroloxía cutánea, etc. Informe do diagnóstico: información dos resultados; proposta de tratamento tras o diagnóstico.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Protocolos de tratamentos capilares estéticos	12

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Deseña protocolos de tratamentos capilares estéticos, integrando medios técnicos, manuais e cosmetolóxicos.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Establecéronse os elementos e as fases para o deseño de protocolos capilares estéticos.
CA3.2 Determináronse as características dos tipos de tratamentos capilares.
CA3.3 Establecéronse protocolos de tratamentos de alteracións do coiro cabeludo.
CA3.4 Deseñáronse procedementos de aplicación de tratamentos para as alteracións estruturais do cabelo.
CA3.5 Establecéronse protocolos de tratamentos capilares para as alteracións da cantidade do cabelo.
CA3.6 Deseñáronse procedementos de aplicación de tratamentos estéticos noutras alteracións relacionadas co cabelo e o coiro cabeludo.
CA3.7 Coordináronse os tratamentos profesionais personalizados no salón cos tratamentos de continuidade realizados pola clientela.
CA3.8 Elaboráronse sistemas de avaliación e control dos protocolos de tratamento.
CA3.9 Elaborouse documentación para a consulta con diferentes profesionais.

4.7.e) Contidos

Contidos
Bases para o deseño dos protocolos de tratamento capilares.
Elementos: proceso, secuencia, temporalización, e medios técnicos, cosmetolóxicos e manuais. Criterios de avaliación de resultados.
Fases do protocolo do tratamento: estudo da zona; selección e preparación dos medios técnicos; preparación; núcleo do tratamento; finalización do tratamento; asesoramento profesional.
Clasificación dos tratamentos capilares.
Deseño de protocolos de alteracións do coiro cabeludo, estruturais do cabelo, da cantidade do sistema piloso capilar, e outras alteracións do cabelo.
Deseño de protocolos de tratamentos en alteracións postraumáticas.
Deseño de protocolo de tratamento personalizado no salón e no domicilio.
Avaliación e control. Elaboración de fichas de seguimento. Revisión e modificacións.
Documentación asociada.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Elaboración da proposta personalizada de tratamento, interpretando a análise previa	12

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora a proposta personalizada de tratamento, interpretando a análise previa.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Establecéronse as pautas para a elaboración da proposta de tratamento.
CA4.2 Presentouse o informe da análise e o tratamento proposto.
CA4.3 Elaboráronse documentos de información complementarios ao diagnóstico.
CA4.4 Estableceuse un protocolo de tratamento capilar personalizado segundo o diagnóstico.
CA4.5 Proporcionouse información do servizo e das sensacións que se vaian percibir.
CA4.6 Asesorouse sobre as pautas de vida saudable e a inxestión de nutricosméticos como complemento ao tratamento dermaticolóxico.
CA4.7 Especificáronse os parámetros do plan de calidade.
CA4.8 Descríbironse os contidos que inclúe un manual de procedementos.
CA4.9 Identificáronse as pautas de atención á clientela.
CA4.10 Elaboráronse enquisas para avaliar o grao de satisfacción.
CA4.11 Elaboráronse propostas para a xestión de suxestións, queixas e reclamacións.
CA4.12 Determináronse recomendacións cosméticas e/ou de servizos alternativos.

4.8.e) Contidos

Contidos
Proposta de tratamento: elaboración de documentos de información á clientela. Forma de realizar a presentación da proposta.
Outros servizos asociados ao tratamento.
Técnicas externas alternativas de tratamento: cirurxía, microenxertos, enxertos, etc.
Elaboración de documentos de asesoramento á clientela e tratamento domiciliario.
Protocolos personalizados segundo o diagnóstico previo e a súa adaptación.
Información e asesoramento sobre o tratamento dermaticolóxico.
Asesoramento sobre hábitos de vida saudable, nutricosméticos e outros aplicados á dermaticoloxía.

Contidos

Asesoramento sobre servizos alternativos: postizaría, complementos, etc.

Protocolo de calidade: Elaboración do plan de calidade. Aplicación dos criterios en todas as fases do proceso. Manuais de procedementos. Técnicas de corrección das desviacións. Atención á clientela. Enquisas de satisfacción. Tratamento de queixas, suxesti

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

.Os mínimos esixibles son os enumerados nos criterios de avaliación (apartado d de cada una das unidades didácticas), e son os seguintes:

U.D.-1-Empresa

U.D.-2-Anatomía e fisioloxía da pel e as súas alteracións

- Identificouse a estrutura anatómica e fisiolóxica do órgano cutáneo e os seus anexos.
- Caracterizáronse os anexos glandulares.
- Descríbóronse as características da emulsión e da flora epicutánea.
- Recoñeceuse a importancia da permeabilidade cutánea.
- Identificouse a vascularización e a inervación do coiro cabeludo
- Caracterizáronse as lesións elementais da pel
- Clasificáronse as alteracións do coiro cabeludo.
- Determináronse as reaccións adversas da pel aos cosméticos e aos materiais utilizados en peiteado.
- Determináronse os efectos das radiacións solares no coiro cabeludo.

U.D. 3:Estrutura dos anexos cutáneos e as súas alteracións

- Identificáronse os anexos cutáneos córneos.
- Diferenciáronse os tipos, as propiedades físicas e a composición química do pelo.
- Determináronse as características do pelo da barba e do bigote, e as súas alteracións específicas.
- Establecéronse as fases do ciclo vital do cabelo.
- Relacionáronse as alteracións na cantidade do sistema piloso coa súa etioloxía.
- identificáronse as partes das uñas, as súas propiedades físicas e a súa composición química.
- ecoñecéronse as alteracións ungueais e periungueais.
- Determináronse as alteracións parasitarias e micolóxicas, e a súa repercusión nos tratamentos.
- Relacionáronse as alteracións postraumáticas cos seus tratamentos en dermaticoloxía.

U.D. 4-Empresa

U.D.-5-Medios e equipamentos para o análise capilar

- Identificáronse os medios e os equipamentos empregados na análise dermaticolóxica.
- Estableceuse o seu fundamento científico.
- Xustificouse a elección de medios e equipamentos en función da técnica de análise.
- Establecéronse as pautas e as normas de utilización dos medios e dos equipamentos de análise.
- Especificáronse as pautas de hixiene, desinfección, mantemento e calidade para o uso dos equipamentos de diagnóstico dermaticolóxico.

U.D.-6-

- Deseñouse o protocolo de análise capilar.
- Realizouse a análise capilar.
- Relacionáronse os resultados das análises capilares cos parámetros de normalidade do ciclo piloso.
- Realizáronse técnicas de diagnóstico complementario do coiro cabeludo e do talo capilar.
- Elaborouse o informe final, onde se xustificuen os datos da análise realizada para elaborar a proposta de tratamento.

U.D. 7:

- Establecéronse os elementos e as fases para o deseño de protocolos capilares estéticos
- .-Determináronse as características dos tipos de tratamentos capilares.
- Establecéronse protocolos de tratamentos de alteracións do coiro cabeludo.
- Deseñáronse procedementos de aplicación de tratamentos para as alteracións estruturais do cabelo.
- Establecéronse protocolos de tratamentos capilares para as alteracións da cantidade do cabelo.
- Deseñáronse procedementos de aplicación de tratamentos estéticos noutras alteracións relacionadas co cabelo e o coiro cabeludo.

U.D. 8

- Presentouse o informe da análise e o tratamento proposto.
- Estableceuse un protocolo de tratamento capilar personalizado segundo o diagnóstico.
- Asesorouse sobre as pautas de vida saudable e a inxestión de nutricosméticos como complemento ao tratamento dermaticolóxico.
- Especificáronse os parámetros do plan de calidade.
- Describíronse os contidos que inclúe un manual de procedementos.
- Identificáronse as pautas de atención á clientela.

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación tende a comprobar o nivel de consecución dos contidos a través dos criterios de avaliación fixados. Os contidos avaliaranse a través de probas escritas que terán lugar en cada avaliación.

Os mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva son os establecidos como tales nos diferentes criterios de avaliación.

Os mínimos esixibles son os enumerados nos criterios de avaliación (apartado d de cada una das unidades didácticas).

a avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten carácter continuo e farase a través de probas teóricas.

AVALIACIÓN

A avaliación e un elemento central da práctica educativa. A información que proporciona servirá como punto de partida para a actuación pedagóxica.

A avaliación debe realizarse en tres momentos:

Avaliación inicial que permite saber aquilo que o alumnado xa sabe. Esta avaliación previa debe tender a que se expliciten os preconceptos e os esquemas alternativos do alumnado, así como a súa cosmovisión en relación cos contidos. Os resultados de dita avaliación deberán incorporarse ó proceso de ensino-aprendizaxe.

Avaliación procesual, facilitadora do proceso de ensino-aprendizaxe e integrada nel. De carácter eminentemente formativo, as súas conclusións parciais retroalimentarán dito proceso, potenciando a atención á diversidade.

Avaliación final, co fin de establecer o grao de alcance das finalidades propugnadas polos obxectivos e os criterios de avaliación.

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación tende a comprobar o nivel de consecución dos contidos a través dos criterios de avaliación fixados. Os contidos avalíaranse a través de probas escritas que terán lugar en cada avaliación. Realizándose dous exames escritos por avaliación

Nas avaliacións realizaranse probas escritas, que abranguen exames, e que constituirán o noventa por cen da nota. Cuestionarios, traballos, constituirán dez por cen da nota

A nota de cada avaliación será a nota media obtida entre todas as probas avaliadas sempre que estean todas aprobadas, e logo ponderarase xunto coa nota de traballos, cuestionarios....

A nota final de cada unha destas avaliacións quedará como segue:

-Alumnado que aproba a avaliación será: aqueles que teñan todas as probas da avaliación aprobadas, e dicir, aqueles cunha nota mínima en cada proba de 4.5 puntos e cunha media ponderada de a lo menos 5. resultado da media entre as dúas probas ao 90% mais a nota de traballos, cuestionarios.... ao 10%. Se existise fracción decimal na nota media a partir do 5, procederase do seguinte xeito:

- Fraccións decimais superiores a medio punto: redondearase por exceso
- Fraccións decimais iguais ou inferiores a medio punto: non existirá redondeo á alza

-Alumnado que non aproba a avaliación: aqueles cunha nota en alguna proba que non acadase os 4.5 puntos ou a media ponderada non acadase o 5. Se existise fracción decimal ao facer a media das unidades para obter a nota media, en ningún caso se redondeará á alza a fracción decimal. A máxima nota neste caso será 4.

A nota final do curso obtida polo alumno/a será a media das tres notas de cada avaliación.

Sancionarase coa cualificación dun un nesa avaliación cando se comprobé que o alumno/a non actuou limpamente ao realizar as probas porque copiara ou realizara condutas similares.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Durante o período establecido a tal fin o alumnado poderá asistir as clases a resolver tódalas dúbidas que teñan sobre os contridos impartidos e

realizar exercicios similares aos realizados durante o curso . Ao finalizar este período o alumno. realizará un exame teórico que dará o cen por cen da nota da recuperación. A cualificación mínima para superalo módulo será de un 5 sobre 10 nese exame

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non procede: non se prevé que curse ciclos formativos na modalidade dual alumnado que non asista ás actividades do ciclo en tal medida que puidese orixinar a súa perda do dereito á avaliación continua.¿

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Nas reunións de departamento tratarase de forma habitual o cumprimento da programación didáctica o longo do curso
O sistema de calidade fai necesario unha revisión trimestral do cumprimento da programación e a planificación das medidas correctivas pertinentes de cara o resto do curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase tanto ao inicio do curso, como ao inicio do desenvolvemento de cada unidade didáctica.
Ao inicio do curso, solicitarase ao alumnado individualmente información sobre a súa situación laboral actual, e experiencias laborais anteriores.
Ademais, indagarase sobre as expectativas do alumnado respecto aos estudos conducentes á obtención do título , respecto ó módulo, e respecto ao futuro desempeño profesional.
Ao inicio de cada unidade didáctica, partírase dunha primeira aproximación aos coñecementos do alumnado sobre a temática, mediante preguntas abertas ou outros medios co obxectivo de avaliar os coñecementos previos, intereses, baleiros de coñecementos e ideas preconcebidas.
Farase mediante instrumentos que permitirán saber aquilo co alumnado xa sabe mediante:
.- Test de coñecementos previos
.- Diálogos, debates e cuestións orais.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De haberen alumnado con altas capacidades ou con dificultades ou problemas de aprendizaxe por motivos motores, sensoriais, de desenvolvemento ou socioculturais, serán atendidos polo profesorado do departamento. Dependendo de cada caso, levarase a cabo unha atención individualizada apoios por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria e programas específicos de intervención coa axuda do departamento de orientación

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O tratamento de estes temas na clase farase fundamentalmente a través da proposta de actividades encamiñados a realización de debates orales e exposicións de carácter valorativo, exemplos serían:
Educación moral e cívica: Conseguir que os xóvenes adquiren normas democráticas e xustas.
Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos: Rexeito ás desigualdades e discriminacións derivadas da pertencencia a un sexo.
Educación para a paz: Fomentar os valores de solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo. As doazóns de sangue e

de órganos é un xesto que simboliza a solidaridade entre os seres humanos.

Educación ambiental: Respeto o entorno físico e natural.

Educación para a saúde, sexual, alimentación e calidade de vida e imaxe persoal: É a transversal por excelencia. O coñecemento do corpo, dos seus órganos e sistemas, é o primeiro paso para valorar a saúde e desenvolver hábitos saudables de hixiene e alimentación, e para rexeitar prácticas nocivas como o consumo de tabaco, alcol e outras drogas. A educación sexual no referente a hixiene, prácticas sexuais, as medidas preventivas de embarazos e de transmisión de enfermidades, etc.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visita a museos, exposicións, feiras, congresos de tipo profesional

Asistencia a demostracións de diversas casas comerciais tanto no centro como na casa comercial que as realiza

10. Outros apartados

10.1) CONFINAMENTO

Débense contemplar os tres escenarios posibles, no caso de confinamento por decisión da saúde pública

a) Presencial

Os principios metodolóxicos xerais constitúen a fonte pedagóxica da programación. A idea fundamental que sustenta estes principios é que o alumno é o principal artífice do seu propio aprendizaxe e que o profesor convértese en mediador ou guía neste proceso, permitindo establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas e os novos contidos. Non existe unha metodoloxía única e válida para tódalas situacións, polo tanto, nós utilizaremos aquela que nos axude a alcanzar a progresiva autonomía e educación integral do alumno como obxectivo de final de etapa. Para isto, nos baseamos nos principios que establece o currículo, destacando que o alumno realice aprendizaxes significativos por si, é dicir, que aprenda a aprender. Como técnica de ensinanza empregaremos: a instrución directa naquelas unidades nas que o aprendizaxe precise dun rendemento mecánico como factor vital para que o obxectivo proposto se poida alcanzar de forma eficaz, e a técnica mediante a busca nas unidades didácticas que nos interese que o alumno desenvolva os procesos dedutivos e de enriquecemento. En canto ao estilo de ensinanza empregaremos aquel máis axeitado a cada situación desde os máis directivos como o mando directo modificado, ata os máis produtivos e creativos como o descubrimento guiado. Como estratexia na práctica utilizaremos tarefas globais sempre que sexa posible e acudiremos ás analíticas cando sexa necesario en función da natureza do traballo a realizar. Proporase traballar por proxectos e dependendo da resposta do alumnado variarase ou non ese método.

b) Semipresencial

No centro adoptáronse as medidas para optar polo ensino presencial. Se por motivos de saúde pública (como foi nos cursos previos a pandemia do COVID) ou por motivos de saúde persoal do alumnado, este no pode asistir o ensino presencial, o procedemento a seguir con este alumnado é o mesmo que no suposto de clases non presenciais.

c) Non presencial

Co alumnado que non poda asistir ao centro por motivos de saúde pública ou persoal (citado no apartado previo) o ensino será non presencial. O procedemento será o seguinte. O

profesor indicará na aula virtual e/ou google classroom ou por correo electrónico as actividades a realizar, explicacións de contidos, correccións de exercicios..... Tamén será a canle de contacto para resolver dúbidas e planificar videoconferencias (Zoom e/ou Webex).

No caso de alumnado que non dispoña de medios telemáticos a información se lle comunicará por correo postal.

10.2) Baixa

Procederase á baixa de oficio cando un alumno ou unha alumna acumule o número de faltas inxustificadas a que se fai referencia no artigo 10 da Orde do 12 de xullo de 2011.

a) Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumnado que acumule un número de faltas de asistencia inxustificadas superior a 10 días lectivos. Nel indicárase a obriga de asistencia e que se procederá á súa baixa de matrícula en caso de que as súas faltas inxustificadas de asistencia representen 15 días lectivos consecutivos ou 25 días lectivos descontinuos. En caso de que se produza a baixa, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da baixa.

b) Para o alumnado matriculado logo de iniciadas as actividades lectivas non se terán en consideración os días previos á formalización da matrícula.